



## DECRETO. Aprobación das Bases de participación da actividade “Obradoiros de Nadal” 2018

Logo de ver a proposta efectuada pola Concelleira Delegada de Educación, Xuventude e Saúde con data 15 de novembro de 2018, pola que solicita a aprobación das Bases de participación na actividade “Obradoiros de Nadal” 2018, **RESOLVO:**

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

1º) A Concellaría de Educación, Xuventude, Saúde do Concello de Sada organiza os Obradoiros de Nadal, que é unha oferta de actividades de lecer durante este período non lectivo para rapaces e rapazas nados entre o 2014 e o 2006.

2º) Ofértanse un total de 80 prazas para **participantes empadroados/as en Sada** (comprobarase de oficio). Reservaranse até un 10% desas prazas a participantes derivados dos Servizos Sociais municipais, tendo a opción de exención de pago previo informe favorable dos técnicos/as municipais con competencias nesa área.

3º) Non serán admitidas as solicitudes cuxo titular teña débedas na tesourería municipal por cuotas impagadas doutras actividades, exceptuando os casos derivados dos servizos sociais, que será valorada a súa admisión polos/as técnicos/as da área competente. Isto será comprobado de oficio.

4º) As datas de celebración serán os días 26, 27, 28 de decembro e 2, 3, 4 e de xaneiro en horario de 08.45-14.00 h. O espazo elixido para estes obradoiros serán as instalacións do CEIP Pedro Barrié de la Maza (Mondego), ofertándose ademais o servizo de autobús con única parada no centro urbano (diante do Concello). **Para que haxa este servizo deberá haber un mínimo de 30 participantes que o soliciten na inscrición**, en caso contrario dito servizo será cancelado e reflexado nas listaxes de admitidos/as.

5º) O prazo de inscrición abarcará dende o día **22 de novembro até o 5 de decembro (ate as 18.00 horas)**.

6º) Formas de inscrición:

- Entregando a folla de inscrición na Oficina da Xuventude (pódese descargar en [www.concellodesada.com](http://www.concellodesada.com))
- Enviando escaneada a folla de inscrición a [omixsada@gmail.com](mailto:omixsada@gmail.com)
- Cubrindo o formulario online que estará dispoñible na web municipal xa citada.

7º) Se houberse máis solicitudes que prazas, celebrarase un **sorteo público** entre todas as recibidas o día **7 de decembro ás 10.00 h.** na planta baixa da Oficina da Xuventude. Establecerase unha listaxe de agarda para aquelas solicitudes que no sorteo non obtiveran praza e que poderán ser chamadas segundo haxa renuncias. No suposto caso de realizar sorteo, irmáns e irmás inscribíranse na mesma solicitude coa adxudicación do mesmo número no sorteo.

8º) Publicación de listaxe de admitidos/as e listaxe de agarda (no caso de realizar sorteo): **10 de decembro** na web municipal e fisicamente na OMIX.

9º) Prazo de pagamento: **Do 11 ao 16 de decembro** (inclusive). As cuotas serán as establecidas segundo o informe de prezo público. É imprescindible presentar o xustificante de pagamento na Oficina da Xuventude ou a través do correo electrónico entre esas datas, así como a documentación que acredite algún desconto na tarifa xeral (2º irmán/á, proxenitores desempregados ou condición de Familia Numerosa).

10º) Unha vez rematado o prazo anterior, se non houberse xustificante de pagamento implicará a renuncia da praza, e ofrecerase ao seguinte da listaxe de agarda, quenes poderán realizar o pagamento entre os días **18 e 20 de decembro** (inclusive).

11º) Co obxectivo de difundir esta campaña en vindeiras convocatorias e tamén garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), recolléranse gravacións en vídeo e fotografías das persoas participantes nos OBRADOIROS DE NADAL, as cales poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web do Concello de Sada.

12º) A participación nos **OBRADOIROS DE NADAL 2018** implica a aceptación destas bases.

Segundo: Ordenar a súa publicación na páxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude.

CONCELLARIA DE EDUCACION, XUVENTUDE E SAUDE